



A alta produción de leite non é sinónimo dunha menor fertilidade en condicións de estrés por calor

O obxectivo principal deste estudo é cambiar a crenza no público de que ao obter unha alta produción de leite se debe "sacrificar" algo na fertilidade e demostrar que, se implementamos boas prácticas de manexo nas vacas de alto rendemento, se poden alcanzar niveis incluso mellores que coas de baixa produción.

Israel Flamenbaum, P.hD.

Cow Cooling Solutions Ltd, Israel e socio da empresa Cow Cooling Flamenbaum & Seddon, Ltd, O Brasil
israflam@inter.net.il, www.cool-cows.com

Lostrar unha alta taxa de concepción é unha das principais condicións para obter unha produción eficiente de leite na granxa. Durante moitos anos, a industria láctea israelí sufriu, ao igual

que outras industrias en países cálidos, unha diminución significativa na capacidade de preñar as vacas durante os meses de verán, o que provocou unha redución na eficiencia da produción de leite e a esta-



▶ A DIFERENZA DO EFECTO DO CALOR SOBRE A PRODUCCIÓN DA VACA [...], O EFECTO SOBRE A SÚA FERTILIDADE NO VERÁN É MOITO MÁIS COMPLEXA E ENTÉNDESE DURANTE UN PERÍODO MÁIS LONGO AO REDOR DO TEMPO DE INSEMINACIÓN

cionalidade na subministración de leite á industria e ao mercado.

A diferenza do efecto da calor sobre a produción da vaca, que depende en gran medida do consumo de alimentos e é menos sensible aos cambios a curto prazo no confort térmico das vacas, o efecto sobre a súa fertilidade no verán é moito máis complexo e esténdese durante un período máis longo ao redor do tempo de inseminación. Estudos realizados recentemente por investigadores israelís da Universidade de Xerusalén mostraron que a fertilidade das vacas é sensible ás condicións de estrés por calor durante un período amplo, comezando desde o inicio do desenvolvemento do foliculo ovulante ata a implantación do óvulo fertilizado no útero (a período de ao redor de 50 días). Por tanto, para obter niveis normais de fertilidade no período estival, as vacas inseminadas deben ter unha temperatura corporal normal, polo menos durante este tempo; non é unha tarefa fácil.

A razón principal para escribir este artigo é cambiar a crenza no público de que ao obter alta produción de leite hai que “sacrificar” algo na fertilidade e, ao tempo, mostrar que, con boas prácticas de manexo en xeral e un tratamento de arrefriamento intensivo e efectivo no verán en particular, as vacas de alto rendemento poden alcanzar tamén bos niveis, mesmo máis altos que os que se obteñen nas de baixa produción, estando nas mesmas condicións.

Para demostrar isto, estou a facer uso do informe do índice “relación verán-inverno” que se elaborou nestes días para 2019. Este índice foi desenvolvido hai case quince anos por expertos do Ministerio de Agricultura israelí e a Asociación de Criadores de Gando Leiteiro de Israel (ICBA) e foi adoptado recentemente por institucións dos Estados Unidos e de Italia. Permítenos caracterizar subxectivamente cada ano as diferentes granxas leiteiras israelís en termos da súa capacidade para facer fronte á calor estival. ▶▶

Fotografía

tus animales
con



Design: Nature's Design & Promo's

Alberto Medina • (+34) 669 359 279 • am2020@outlook.es

Táboa 1. Medias de verán e inverno da produción diaria de leite, a taxa de concepción, a produción de leite de verán a inverno e a relación de CR, en granxas leiteiras co máis alto e máis baixo nivel produtivo en Israel en 2019

Parámetro	50 granxas produtoras de alto nivel produtivo	50 granxas de baixo nivel produtivo
Leite inverno (kg/d)	42,1	37,5
Leite verán (kg/d)	40,8	34,5
Relación V:I (leite)	0,97	0,92
Taxa de concepción INV (%)	41,8	41,9
Taxa de concepción VER (%)	26,3	19,6
Relación TC VER:INV	0,63	0,46
Baixada en TC VER (unidades %)	-15,5	-22,3

▶ A CAÍDA DA TAXA DE CONCEPCIÓN NO VERÁN FOI MENOR NOS RABAÑOS DE ALTA PRODUCCIÓN QUE NOS DE BAIXA PRODUCCIÓN (15 E 22 UNIDADES PORCENTUAIS, RESPECTIVAMENTE)

Ao comezo de cada ano recibo os datos de todas as granxas leiteiras en Israel. Para examinar a relación entre o nivel de produción de leite e o arrefriamento intensivo das vacas no verán, seleccionei desta base de datos as 50 granxas leiteiras coa maior produción anual de leite en 2019 e compareinas coas 50 coa menor produción anual. A produción diaria media de leite por vaca no verán e o inverno, así como a relación de produción, a taxa de concepción e a relación CR entre ambas as estacións recóllense na táboa 1.



Nela pódese ver claramente que a relación verán/inverno é moito maior nas granxas de alta produción que nas de baixa produción (0,97 e 0,92, respectivamente). O máis probable é que estes resultados se poidan alcanzar grazas a ter mellores prácticas de xestión en xeral, así como á implementación adecuada de medios de arrefriamento intensivo e a súa operación en forma propia en particular. Isto pódese confirmar polo feito de que a produción de leite nos rabaños de alta produción diminuíu no verán en 1,5 kg/día, a metade da caída (3,0 kg/día), obtida nos rabaños de baixa produción.

Se observamos os números de fertilidade, podemos ver que, de maneira diferente ao que se podería esperar, a caída da taxa de concepción no verán foi menor nos rabaños de alta produción, en comparación cos de baixa produción (15 e 22 unidades porcentuais, respectivamente), e a relación verán/inverno para a taxa de concepción foi de 0,63 e 0,46, en rabaños de alta e baixa produción, respectivamente.

CONCLUSIÓN

O noso estudo indica que non necesariamente a alta produción de leite se debe asociar con baixa fertilidade nos estresantes meses de verán. Os datos recentes de Israel mostran o contrario. Creo que obter unha alta produción de leite se relaciona principalmente con mellores prácticas de manexo en xeral e co arrefriamento adecuado das vacas no verán en particular.

As mellores proporcións de verán a inverno para o leite (0,97 vs. 0,92) e TC (0,63 vs. 0,46) confirman moi ben o feito de que estas granxas arrefrían mellor as súas vacas no verán. Este feito tradúcese, ademais, na obtención de máis alta produción anual de leite, tamén a maiores taxas de concepción nesta estación. ■



TRABAJAMOS POR EL BIENESTAR ANIMAL

EMPORVET, expertos en estrés por calor

Nuestras innovadoras soluciones le ofrecen:

- Mojado eficaz
- Distribución de aire eficiente
- Tiempo de enfriamiento adaptable a las necesidades del animal



Soluciones de automatismos



Proyectos personalizados



Consultas a domicilio



Certificados UL i CE



Tecnología de eficiencia energética



Control de acceso remoto